

## CONCELLO DE AMES CONCURSO DE DISFRACES 2018.

O luns de Entroido, día 12 de febreiro, terá lugar no Milladoiro un concurso de disfraces organizado polo Concello de Ames que se rexerá polas seguintes

### BASES

**PRIMEIRA.** Poderán participar todas as persoas, asociacións, comunidades, colexios etc que o desexen.

- As persoas menores de idade terán que participar baixo a responsabilidade dunha persoa adulta, que ostentará a súa representación para todos os efectos que se deriven deste concurso.
- As asociacións serán representadas polo/a presidente/a.

**SEGUNDA.** Establécense as seguintes categorías:

Infantil: 1 ou 2 persoas ata os 12 anos inclusive.

Adulto: 1 ou 2 persoas maiores de 12 anos.

Grupos: de 3 a 9 persoas de calquera idade .

Comparsas: 10 ou máis persoas de calquera idade.

**TERCEIRA:** As inscricións realizaranse na Casa da Cultura do Milladoiro, de luns a venres, das 9.00 h ás 14.00 h, a través do teléfono 981 535 940, ou no mail: [cultura@concellodeames.gal](mailto:cultura@concellodeames.gal). **A data límite de inscrición será o luns, 12 de febreiro ás 11:00 horas.** Deberanse achegar os seguintes datos: título do disface, nome e apelidos da/s persoa/s representante/s, DNI, teléfono de contacto, categoría na que se inscriben e número de compoñentes. As fichas de inscrición deberán asinalas as persoas representantes.

Nota para os grupos e comparsas: en caso de non ser asociacións legalmente constituídas, a ficha de inscrición será asinada, polo menos, por 2 persoas maiores de idade no caso de grupos, e por 4 persoas no caso de comparsas. Estas persoas constarán como autorizadas para recibir o premio e declararán posuír os documentos que acreditan a dita representatividade e as autorizacións dos/as responsables legais dos/as menores.

**CUARTA.** Os/as participantes deberán presentarse na carpa instalada polo Concello no aparcadoiro da Travesía do Porto (enfrente Escola Infantil) , debidamente ataviados/as, entre as 17.00h e as 18.00h. O desfile comezará arredor das 18:00h e seguirá o percorrido e o ritmo que marque a charanga.

**QUINTA.** O xurado, composto por tres membros designados polo Departamento de Educación e Cultura , valorará os disfraces conforme á **creatividade, caracterización, orixinalidade** . Esta valoración realizarase durante o desfile. A súa decisión será inapelable.

**SEXTA.** PREMIOS

A) Haberá **3 premios por cada categoría** dotados cos seguintes importes:

Categoría Infantil	Categoría Adulto	Categoría Grupo	Categoría Comparsa
1º 100€	1º 200€	1º 500€	1º 1100 €
2º 75€	2º 150€	2º 300€	2º 600€
3º 50€	3º 75€	3º 150€	3º 500€

B) Haberá dous **premios especiais** dotados con **125 €** aos mellores disfraces realizados con **materiais de reciclaxe**.

**SÉTIMA.**- Queda prohibida a participación con animais.

**OITAVA.** A entrega de premios terá lugar o mesmo día do concurso na Festa de Entroido.

**NOVENA.** A participación no concurso supón a aceptación destas bases.